

PASTORAL AMERICANA

Texto de PHILIP ROTH

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Ilustración de cuberta de MARC TAEGER

Encadernación rústica. 14,5 x 21 cm. 472 páx. 20 €

ISBN 978-84-15250-39-5. Lecturas expertas. Narrativa K.

PREMIO PULITZER, 1997


NATIONAL MEDAL OF ARTS

O Sueco. Nos anos da guerra, cando eu facía primaria, era un nome máxico na nosa veciñanza de Newark. Érao mesmo para os adultos que só estaban a unha xeración de distancia do antigo gueto da cidade na rúa Prince, pero que aínda non estaban americanizados á perfección como para se abraíaren perante a habilidade dun deportista de instituto. O nome tiña maxia, igual ca o seu rostro anómalo: dos poucos estudantes xudeus de pelo claro que había no noso instituto público, maioritariamente xudeu, ningún tiña nada remotamente parecido á insensible máscara viquinga de queixo prominente daquel louro de ollos azuis que nacera na nosa tribo e recibira o nome de Seymour Irving Levov...

Unha das novelas máis sobranceiras da literatura norteamericana contemporánea que, a través do personaxe do Sueco Levov, cuestiona os valores da sociedade estadounidense nos anos 60, coa guerra de Vietnam como pano de fondo

Seymour Levov, o Sueco, é o modelo para seguir por todos os rapaces xudeus de Nova Jersey. Atleta lendario no instituto, medra no seo dunha familia acomodada nos alegres anos que seguen á II Guerra Mundial. Herda a fábrica de luvas que o seu pai levantou dende a nada e casa con Dawn, ex-miss Nova Jersey. Despois do nacemento da súa filla, o matrimonio decide mudarse á morada dos seus sonhos, unha gran casa de pedra na idílica e tranquila comarca de Old Rimrock. A vida da familia Levov convértese desde entón nunha apracible «sinfonía pastoral» ata que, un día do ano 1968, as súas vidas cambian. O Sueco Levov verá entón como se derruba estrepitosamente todo o que o rodea.

Philip Roth ofrécenos nesta novela o retrato duns personaxes que se enfrontan á máis crúa realidade no marco dunha tranquila vida cotiá. «Pastoral americana» é un relato lúcido que cuestiona os valores da sociedade estadounidense e a súa continuidade durante o conflito final dos felices sesenta, coa guerra de Vietnam como pano de fondo. Por primeira vez, en lingua galega, pódese ler un dos mestres contemporáneos da literatura norteamericana.



■ **Temática:** a vida dun mozo xudeu na Nova Jersey das décadas dos 40, 50 e 60.

■ **Idade recomendada:** lectores adultos.

■ **Aspectos destacables:** Premio Pulitzer en 1997, do autor galardoado co Premio Príncipe de Asturias de las Letras en 2012; sociedade norteamericana; tránsito socio-político entre a II Guerra Mundial e a Guerra de Vietnam.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pastoral-americana-g>

Philip Roth

Philip Roth naceu en Newark, Nova Jersey, o 19 de marzo de 1933. Segundo fillo de Bess e Herman Roth, estadounidenses de segunda xeración, Roth medrou na comunidade -de maioría xudía- de Weequahic, barrio ao que volvería unha vez e outra nos seus escritos. Logo de graduarse no instituto de Weequahic en 1950, estudou na Universidade Bucknell de Pensilvania e na Universidade de Chicago, onde obtivo unha bolsa para cursar un mestrado en Literatura Inglesa. En 1959, Roth publicou a colección de relatos e a novela curta *Goodbye, Columbus*, pola que recibiu o Premio Nacional do Libro (EUA). Dez anos máis tarde, a publicación da súa cuarta novela, *Portnoy's Complaint*, proporcionoulle un grande éxito comercial e da crítica, o que afianzou a súa reputación como un dos mellores escritores novos dos Estados Unidos. Roth escribiu trinta e un libros, entre os que se inclúen os que seguen as vivencias de Nathan Zuckerman e as dun narrador ficticio chamado Philip Roth, a través dos cales explorou e deu voz ás complexidades da realidade estadounidense dos séculos XX e XXI.

A significativa contribución de Roth á literatura foi amplamente recoñecida ao longo da súa vida, tanto nos Estados Unidos como no estranxeiro. Entre outros recoñecementos, foi galardoado co Premio Pulitzer e co Premio Internacional Man Booker, gañou en dúas ocasións o Premio do Círculo Nacional de Críticos do Libro e o Premio Nacional do Libro, e foi condecorado coa Medalla Nacional das Artes e coa Medalla Nacional de Humanidades polos presidentes Clinton e Obama, respectivamente.

Philip Roth faleceu o 22 de maio de 2018 á idade de oitenta e cinco anos, tras retirarse da escrita seis anos antes.